

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018501	IES Monte Carrasco	Cangas	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación física	3º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	33

1. Introducción

O DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, ten por obxecto establecer a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria.

Na materia de Educación Física parece xa nun dos obxectivos de toda a etapa da Educación Secundaria Obrigatoria:

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

No TÍTULO III : Plans educativos, faise fincapé na promoción de estilos de vida saudables entre o alumnado desta etapa, esencial para o seu desenvolvemento, no Artigo 38. Promoción de estilos de vida saudables:

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma, por parte das alumnas e dos alumnos, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.

2. O deseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidas polo profesorado coa cualificación ou especialización adecuada, e de acordo cos recursos dispoñibles.

A Educación Física na etapa da educación secundaria obrigatoria pasan, entre outros, por conseguir que o alumnado consolide un estilo de vida activo, asente o coñecemento da propia corporalidade e o gozo das manifestacións culturais de carácter motriz, integre actitudes ecosocialmente responsables ou afiance o desenvolvemento de todos os procesos de toma de decisións que interveñen na resolución de situacións motrices. Estes elementos contribúen a construír e a consolidar desde a materia da Educación Física unha competencia motriz que é fundamental para o desenvolvemento integral do alumnado, a cal posúe un forte carácter global e interdisciplinar, posto que o movemento é un elemento esencial e indisoluble da aprendizaxe.

Os obxectivos da materia de Educación Física perseguen consolidar un estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado perpetuamente ao longo da súa vida a través da planificación autónoma e da autorregulación da súa práctica física e de todos os compoñentes que afecten a saúde.

A motricidade desenvolverase no seo de prácticas motrices con diferentes lóxicas internas, con obxectivos variados e en contextos de certeza e incerteza. A resolución de situacións motrices en diferentes espazos permitiralle ao alumnado afrontar a práctica motriz con distintas finalidades: lúdica, agonística, funcional, social, expresiva e comunicativa, creativa, catártica ou de interacción co medio urbano e natural.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo-motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos variados de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer e valorar diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Este coñecemento deberá dirixirse a comprender, entre outros, o lugar que ocupa o deporte nas sociedades actuais, así como as súas implicacións no ámbito económico, político, social e da saúde, como máxima representación da cultura motriz na actualidade.

Finalmente, continuarase insistindo na necesidade de convivir de maneira respectuosa co ambiente, desenvolvendo para iso actividades físico-deportivas en contextos variados e participando na súa organización desde formulacións baseadas na conservación e na sostibilidade.

CONTEXTUALIZACIÓN:

Alumnado:

Están matriculados no centro 174 alumnos e alumnas, distribuídos en 9 unidades.

- Número de unidades en 3º ESO: 2 unidades

o 3º ESO A (22 matrículas, 10 alumnas e 12 alumnos)

o 3º ESO B (23 matrículas, 9 alumnas e 14 alumnos)

- Alumnado repetidor: 2 matrículas, 2 alumnos

- Alumnado con algunha enfermidade ou dado de alta no programa de Alerta escolar: 1 alumna.

- Alumnado con algunha discapacidade: 1 alumno.

- Alumnado exento da materia: neste curso non hai.

- Alumnado susceptible de contar con medidas de atención á diversidade:

o 3º ESO A (5)

o 3º ESO B (5)

o O alumnado con algunha materia suspensa de cursos anteriores (12) e o alumnado repetidor (2), terán o plan de recuperación de materias pendentes ou o plan de recuperación do alumnado repetidor.

Contorna e características do I.E.S. Monte Carrasco:

Situado no concello de Cangas do Morrazo, concretamente en San Pedro, na Parroquia de Darbo, a situación xeográfica do centro é privilexiada, no alto do monte de Magdalena, cun entorno natural moi rico e que dende o punto de vista da área de Educación Física aporta a posibilidade dun desenvolvemento de contidos relacionados coas actividades na natureza, sen necesidade de desprazar ó alumnado lonxe do centro.

Tendo en conta todas estas características da realidade do centro e o seu entorno, as actividades programadas polo Departamento de Educación Física selecciónanse tomando como base a programación oficial e adecuando esta ás necesidades do alumnado, dispoñibilidade de instalacións e material. Asemade pensamos que é moi importante que a oferta de actividades deportivas a desenvolver na programación didáctica do I.E.S. Monte Carrasco amose elementos de complementariedade respecto das posibilidades de práctica deportiva que por medio do asociacionismo deportivo, o concello de Cangas oferta a súa cidadanía, especialmente na idade de escolarización obrigatoria.

Neste concello hai numerosos clubs que aglutinan a maioría da práctica deportiva, e numerosas instalacións, incluída a piscina municipal, onde poder practicar diversas actividades físico deportivas.

Considerando o pequeno análise da oferta deportiva do concello de Cangas anteriormente realizado, o departamento de Educación física opta por divulgar, promocionar e canalizar a práctica deportiva que o concello oferta e asemade, complementala mesma por medio de deportes alternativos, xogos populares, actividades na natureza e deportes sociomotores, que o alumnado, deste centro non ten a oportunidade de practicar fora do ámbito escolar.

O IES Monte Carrasco conta cunha contorna privilexiada para a práctica de actividades físicas e deportivas na natureza. Nos arredores do centro contamos cun sendeiro (G.R.) que supón unha oportunidade para o desenvolvemento de actividades coma o sendeirismo, as carreiras de orientación ou as saídas en bicicleta de montaña. Dende este departamento téntase fortalecer o fomento da utilización do entorno coma un medio de práctica deportiva e ocupación do tempo de lecer do alumnado.

- Ensinanzas que oferta o centro:

Educación secundaria obrigatoria:

- LOMLOE (1º, 2º, 3º e 4º)

- Centros adscritos

CEIP Plurilingüe de San Roque de Darbo

IES María Soliño

- Cadro de persoal:

- Equipo Directivo:

- Director: José Damián Ríos Calvar

- Secretaria: Montserrat López Fariña

- Xefa de estudos: Gema Gandón Bernárdez

- Claustro:

- Formado por 23 docentes

Lingua na que se imparte a materia en cada grupo:

o 3º ESO A Galego

o 3º ESO B Galego

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias, a partir dunha análise crítica dos modelos corporais e do rexeitamento das prácticas que carezan de base científica para facer un uso saudable e autónomo do seu tempo libre e así mellorar a calidade de vida.	3		2-5	4	2-4			
OBX2 - Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións con dificultade variable, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.					4-5		2-3	
OBX3 - Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír con progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa.	5	3			1-3-5	3		
OBX4 - Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, profundando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacións desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais.		3				2-3		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano.			5			4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	RECURSOS PARA UNHA VIDA ACTIVA E SAUDABLE	Procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices. Protocolos de intervención ante situacións de emerxencia.	50	21	X	X	X
2	HABILIDADES MOTRÍCES E DEPORTIVAS	Procesos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo. Procesos de percepción, decisión e execución. Control e dominio corporal.	20	21	X	X	X
3	RITMO E LIGUAXE CORPORAL	Practica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo. Composicións individuais ou colectivas con e sen base musical. O corpo e o movemento como ferramenta de expresión e comunicación.	20	20	X	X	X
4	CONTORNA E RECURSOS SOSTIBLES	Actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais.	10	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	RECURSOS PARA UNHA VIDA ACTIVA E SAUDABLE	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, segundo as necesidades e os intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo		
CA1.2 - Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices		
CA1.3 - Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, ao xénero e á diversidade sexual e os comportamentos que poñan en risco a saúde, contrastando con autonomía e independencia calquera información en base a criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade.	Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, ao xénero e á diversidade sexual autonomía e independencia calquera información en base a criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade		
CA1.4 - Desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Desenvolver con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais		
CA2.1 - Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante situacións de emerxencia ou accidentes aplicando medidas específicas de primeiros auxilios.	Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante situacións de emerxencia aplicando medidas específicas de primeiros auxilios		
CA2.2 - Desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Desenvolver con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais	TI	100
CA2.3 - Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.	Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices		
CA2.4 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas aplicándoas na práctica de actividades motrices		
CA3.1 - Desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Desenvolver con seguridade aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte		
CA4.1 - Practicar e participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar e participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Practicar actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo, valorando as súas orixes, e relacionándoas coa cultura propia, coa tradicional ou coas procedentes doutros lugares do mundo.	Practicar actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo		
CA5.2 - Crear e representar composicións individuais ou colectivas con e sen base musical e de maneira coordinada, utilizando intencionadamente e con autonomía o corpo e o movemento como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas específicas e axudando a difundir e a compartir estas prácticas culturais entre compañeiros ou outros membros da comunidade.	Crear e representar composicións colectivas con base musical utilizando o corpo e o movemento como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas específicas		
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - Control de resultados e variables fisiolóxicas básicas como consecuencia do exercicio físico. - Autorregulación do adestramento. - Alimentación saudable e análise crítica da publicidade. - Educación postural: movementos, posturas e estiramentos ante dores musculares. - Pautas para tratar a dor muscular de orixe retardada. - Ergonomía en actividades cotiás. - Coidado do corpo: quecemento específico autónomo. - Prácticas insás, mitos e falsas crenzas arredor do corpo e da actividade física. - Importancia das medidas e pautas de hixiene en contextos de práctica de actividade física. - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Esixencias e presións da competición. - Tipoloxías corporais predominantes na sociedade e análise crítica da súa presenza nos medios de comunicación e redes sociais. - Efectos negativos dos modelos estéticos predominantes e trastornos vinculados ao culto insán ao corpo. - Creación dunha identidade corporal definida e consolidada afastada de estereotipos sexistas. - Preparación da práctica motriz: disposición, mantemento e reparación de material deportivo. - Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.

Contidos

- Prevención de accidentes nas prácticas motrices:
 - Xestión do risco propio e do dos demais.
 - Medidas colectivas de seguridade.
- Actuacións críticas ante accidentes:
 - Reanimación mediante desfibrilador automático (DEA) ou semiautomático (DESA).
 - Protocolo RCP (reanimación cardiopulmonar).
 - Técnicas específicas e indicios de accidentes cardiovasculares (manobra de Heimlich, sinais de ictus e similares).
- Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas (forza e resistencia).
 - Sistemas de adestramento.
- Autorregulación emocional: control de estados de ánimo e estratexias de xestión do fracaso en situacións motrices.
 - Capacidades volitivas e de superación.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo.
- Análise e xestión do risco propio e do dos demais nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano, medidas colectivas de seguridade.
- Consumo responsable: uso sostible e mantemento de recursos urbanos e naturais para a práctica da actividade física.

UD	Título da UD	Duración
2	HABILIDADES MOTRÍCES E DEPORTIVAS	21

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, segundo as necesidades e os intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo	TI	100
CA1.3 - Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, ao xénero e á diversidade sexual e os comportamentos que poñan en risco a saúde, contrastando con autonomía e independencia calquera información en base a criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade.	Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, ao xénero e á diversidade sexual, con autonomía e independencia en base a criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade		
CA2.3 - Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.	Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices.		
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo.		
CA3.3 - Mostrar habilidades para a adaptación e a actuación ante situacións cunha elevada incerteza, aproveitando eficientemente as propias capacidades e aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación.	Mostrar habilidades para a adaptación e a actuación ante situacións cunha elevada incerteza, aplicando procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación.		
CA3.4 - Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, resolvendo problemas en todo tipo de situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con autonomía.	Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade, resolvendo problemas en todo tipo de situacións motrices.		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices e proxectos para alcanzar o logro individual e grupal, participando con autonomía na toma de decisións vinculadas á asignación de roles, á xestión do tempo de práctica e á optimización do resultado final.	Participar con autonomía na toma de decisións vinculadas á asignación de roles, á xestión do tempo de práctica e á optimización do resultado final		
CA4.1 - Practicar e participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar e participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices adoptando estratexias de superación.		
CA4.2 - Relacionarse e entenderse co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz e situándose activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer un uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz e situarse activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias, fronte a calquera tipo de violencia.		
CA4.3 - Adoptar actitudes comprometidas e conscientes acerca dos distintos estereotipos de xénero e comportamentos sexistas que se seguen producindo nalgúns contextos da motricidade, identificando os factores que contribúen ao seu mantemento e axudando a difundir referentes de distintos xéneros no ámbito físico-deportivo.	Adoptar actitudes comprometidas e conscientes acerca dos distintos estereotipos de xénero e comportamentos sexistas que se seguen producindo nalgúns contextos da motricidade		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física.		
CA6.2 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando destes de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir, sendo conscientes da súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións intencionadas dirixidas á conservación e á mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan.	Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir, sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.		
CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas no medio natural e urbano asumindo responsabilidades e aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Participar en actividades físico-deportivas no medio natural e urbano		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - Educación postural: movementos, posturas e estiramientos ante dores musculares. - Ergonomía en actividades cotiás. - Importancia das medidas e pautas de hixiene en contextos de práctica de actividade física. - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Esixencias e presións da competición. - Creación dunha identidade corporal definida e consolidada afastada de estereotipos sexistas. - Elección da práctica física: xestión e enfoque dos diferentes usos e finalidades da actividade física e do deporte en función do contexto, da actividade e dos compañeiros e compañeiras de realización. - Preparación da práctica motriz: disposición, mantemento e reparación de material deportivo. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: <ul style="list-style-type: none"> - Xestión do risco propio e do dos demais. - Medidas colectivas de seguridade. - Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> - Procura de adaptacións para resolver eficientemente tarefas de certa complexidade en situacións motrices individuais. - Resolución coordinada en situacións motrices cooperativas. - Elección dunha resposta óptima en función do movemento do rival, así como da situación do móbil, se o hai. - Organización anticipada das accións individuais en función das características do contrario en situacións de oposición de contacto.

Contidos

- Delimitación de estratexias previas de ataque e defensa en función das características dos integrantes do equipo propio e do rival en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil.
- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal, toma de decisións na realización dunha actividade motriz acerca dos mecanismos coordinativos, espaciais e temporais para resolvela adecuadamente.
- Habilidades motrices específicas en actividades físico-deportivas: execución, identificación e corrección de erros máis comúns.
- Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problemas con resolución posible de acordo cos recursos dispoñibles.
- Autorregulación emocional: control de estados de ánimo e estratexias de xestión do fracaso en situacións motrices.
 - Capacidades volitivas e de superación.
- Habilidades sociais: estratexias de negociación e mediación en contextos motrices.
- Respecto ás regras: xogo limpo nos distintos niveis de deporte e de actividade física.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Deporte e perspectiva de xénero: historia do deporte desde a perspectiva de xénero.
 - Igualdade no acceso ao deporte.
 - Estereotipos de competencia motriz percibida segundo o xénero, a idade ou calquera outra característica.
 - Exemplos de deportistas de Galicia de diferentes sexos, idades e outros parámetros de referencia.
- Análise e xestión do risco propio e do dos demais nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano, medidas colectivas de seguridade.
- Consumo responsable: uso sostible e mantemento de recursos urbanos e naturais para a práctica da actividade física.

UD	Título da UD	Duración
3	RITMO E LIGUAXE CORPORAL	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, segundo as necesidades e os intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo.	TI	100
CA1.3 - Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, ao xénero e á diversidade sexual e os comportamentos que poñan en risco a saúde, contrastando con autonomía e independencia calquera información en base a criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade.	Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, ao xénero e á diversidade sexual con autonomía e independencia en base a criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.	Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices.		
CA2.4 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices.		
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo.		
CA3.4 - Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, resolvendo problemas en todo tipo de situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con autonomía.	Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade, resolvendo problemas en todo tipo de situacións motrices.		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices e proxectos para alcanzar o logro individual e grupal, participando con autonomía na toma de decisións vinculadas á asignación de roles, á xestión do tempo de práctica e á optimización do resultado final.	Participar con autonomía na toma de decisións vinculadas á asignación de roles, á xestión do tempo de práctica e á optimización do resultado final		
CA4.2 - Relacionarse e entenderse co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz e situándose activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer un uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz e situarse activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias, fronte a calquera tipo de violencia.		
CA4.3 - Adoptar actitudes comprometidas e conscientes acerca dos distintos estereotipos de xénero e comportamentos sexistas que se seguen producindo nalgúns contextos da motricidade, identificando os factores que contribúen ao seu mantemento e axudando a difundir referentes de distintos xéneros no ámbito físico-deportivo.	Adoptar actitudes comprometidas e conscientes acerca dos distintos estereotipos de xénero e comportamentos sexistas que se seguen producindo nalgúns contextos da motricidade		
CA5.1 - Practicar actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo, valorando as súas orixes, e relacionándoas coa cultura propia, coa tradicional ou coas procedentes doutros lugares do mundo.	Practicar actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo		
CA5.2 - Crear e representar composicións individuais ou colectivas con e sen base musical e de maneira coordinada, utilizando intencionadamente e con autonomía o corpo e o movemento como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas específicas e axudando a difundir e a compartir estas prácticas culturais entre compañeiros ou outros membros da comunidade.	Crear e representar composicións colectivas con base musical utilizando o corpo e o movemento como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas específicas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - Ergonomía en actividades cotiás. - Importancia das medidas e pautas de hixiene en contextos de práctica de actividade física. - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Creación dunha identidade corporal definida e consolidada afastada de estereotipos sexistas. - Preparación da práctica motriz: disposición, mantemento e reparación de material deportivo. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: <ul style="list-style-type: none"> - Xestión do risco propio e do dos demais. - Medidas colectivas de seguridade. - Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> - Resolución coordinada en situacións motrices cooperativas. - Habilidades motrices específicas en actividades físico-deportivas: execución, identificación e corrección de erros máis comúns. - Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problemas con resolución posible de acordo cos recursos dispoñibles. - Autorregulación emocional: control de estados de ánimo e estratexias de xestión do fracaso en situacións motrices. <ul style="list-style-type: none"> - Capacidades volitivas e de superación. - Habilidades sociais: estratexias de negociación e mediación en contextos motrices. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Usos comunicativos da corporalidade: técnicas específicas de expresión corporal. - Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo. - Análise e xestión do risco propio e do dos demais nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano, medidas colectivas de seguridade. - Consumo responsable: uso sostible e mantemento de recursos urbanos e naturais para a práctica da actividade física.

UD	Título da UD	Duración
4	CONTORNA E RECURSOS SOSTIBLES	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, segundo as necesidades e os intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo	TI	100
CA1.3 - Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, ao xénero e á diversidade sexual e os comportamentos que poñan en risco a saúde, contrastando con autonomía e independencia calquera información en base a criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade.	Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, ao xénero e á diversidade sexual autonomía e independencia calquera información en base a criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade		
CA2.3 - Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.	Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices.		
CA2.4 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices.		
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo.		
CA3.3 - Mostrar habilidades para a adaptación e a actuación ante situacións cunha elevada incerteza, aproveitando eficientemente as propias capacidades e aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación.	Mostrar habilidades para a adaptación e a actuación ante situacións cunha elevada incerteza, aplicando procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación.		
CA3.4 - Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, resolvendo problemas en todo tipo de situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con autonomía.	Mostrar habilidades para a adaptación e a actuación ante situacións cunha elevada incerteza, aplicando procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación.		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices e proxectos para alcanzar o logro individual e grupal, participando con autonomía na toma de decisións vinculadas á asignación de roles, á xestión do tempo de práctica e á optimización do resultado final.	Participar con autonomía na toma de decisións vinculadas á asignación de roles, á xestión do tempo de práctica e á optimización do resultado final		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Practicar e participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar e participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices adoptando estratexias de superación.		
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física		
CA6.2 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando destes de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir, sendo conscientes da súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións intencionadas dirixidas á conservación e á mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan.	Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir, sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.		
CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas no medio natural e urbano asumindo responsabilidades e aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Participar en actividades físico-deportivas no medio natural e urbano		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - Ergonomía en actividades cotiás. - Importancia das medidas e pautas de hixiene en contextos de práctica de actividade física. - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Creación dunha identidade corporal definida e consolidada afastada de estereotipos sexistas. - Preparación da práctica motriz: disposición, mantemento e reparación de material deportivo. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: <ul style="list-style-type: none"> - Xestión do risco propio e do dos demais. - Medidas colectivas de seguridade. - Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> - Procura de adaptacións para resolver eficientemente tarefas de certa complexidade en situacións motrices individuais. - Habilidades motrices específicas en actividades físico-deportivas: execución, identificación e corrección de erros máis comúns. - Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problemas con resolución posible de acordo cos recursos dispoñibles.

Contidos

- Autorregulación emocional: control de estados de ánimo e estratexias de xestión do fracaso en situacións motrices.
- Capacidades volitivas e de superación.
- Respecto ás regras: xogo limpo nos distintos niveis de deporte e de actividade física.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Respecto ás normas viarias nos desprazamentos activos cotiáns para unha mobilidade segura e sostible.
- Actitude crítica ante barreiras arquitectónicas e obstáculos da contorna que impidan ou dificulten a actividade física autónoma e saudable no espazo público e viario.
- O uso da bicicleta como medio de transporte habitual.
- Análise e xestión do risco propio e do dos demais nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano, medidas colectivas de seguridade.
- Consumo responsable: uso sostible e mantemento de recursos urbanos e naturais para a práctica da actividade física.
- Deseño de actividades físicas no medio natural e urbano.
- Coidado e mantemento da contorna próxima como servizo á comunidade durante a práctica de actividade física en contornas naturais e urbanas, facendo un uso sostible e responsable.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A Educación Física na educación secundaria ten un carácter motriz, práctico e vivencial que busca, entre outros obxectivos, incrementar a actividade física efectiva do alumnado.

Os diferentes modelos pedagóxicos constitúen unha ferramenta para materializar un desenvolvemento competencial, polo carácter participativo, creativo e de aprendizaxe que xeran no alumnado.

As situacións de aprendizaxe integran procesos orientados á adquisición da competencia motriz e as competencias clave, enfocándose desde diferentes perspectivas, articulando elementos plurais como: metodoloxías de carácter participativo, o tipo e a intención das actividades expostas, a organización dos grupos, a consolidación dunha autoestima positiva, autonomía, reflexión e responsabilidade ou a creación dunha conciencia de grupo-clase.

A metodoloxía exposta caracterizarase por ser, flexible, activa, integradora, participativa, lúdica, creativa e progresiva.

A continuación, abordamos a proposta metodolóxica a través dalgúns dos seus elementos, como son os estilos de ensino, a organización espazo-temporal, o coñecemento dos resultados/execución, as actividades, a estratexia na práctica e as rutinas.

1. ESTILOS DE ENSINO

Os estilos de ensino móstrannos como se desenvolve a interacción profesor-alumnado no proceso de toma de decisións, e definen o papel de cada un nese proceso.

Na relación ensino-aprendizaxe non se pode considerar que un estilo sexa mellor que outro, xa que ningún deles aseguranos a consecución de todos os obxectivos a traballar en Educación Física.

Polo tanto, partindo da idea de que non existe un estilo de ensino ideal, chegamos á conclusión de que cada un ten un carácter propio que permite alcanzar obxectivos secundarios específicos deste.

Chegado o momento de decidirse por un determinado estilo de ensino, a súa selección farase en función de cal sexa o máis apropiado para a ensino-aprendizaxe dunha tarefa determinada. Así para as aprendizaxes técnicas e doutros contidos de similares características, utilizaremos estilos máis directivos; mentres que para aprendizaxes tácticas, de expresión corporal, e outros de similares características fomentaremos a creatividade a través de estilos baseados no descubrimento, traballo cooperativo e colaborativo.

Darase o caso de que nunha mesma sesión se varíen os estilos de ensino utilizados dependendo de cada tarefa proposta.

2. ORGANIZACIÓN ESPAZO-TEMPORAL AGRUPAMENTOS

En canto aos agrupamentos, a súa determinación viranos determinada polas tarefas que desenvolvamos. En principio, contemplamos a utilización de todo tipo de agrupamentos, dende o traballo individual (se é que se pode considerar como un agrupamento) xa que permite a individualización do ensino para adaptarse ao ritmo de aprendizaxe do alumnado; ata o traballo en grupo clase, cando a importancia do contido o requira xa que favorecen o proceso de socialización, melloran as relacións persoais, o coñecemento mutuo, o respecto polos demais, tolerar os distintos puntos de vista e dominio motriz e melloran o rendemento. Pasando polo traballo por parellas, tríos e en pequeno grupo cando a actividade busque desenvolver a cohesión do grupo, así como a aprendizaxe de habilidades técnicas, entre outras.

UTILIZACIÓN DE ESPAZOS

Para levar a cabo as nosas intencións educativas non reduciremos o noso espazo de actuación á aula e ás instalacións deportivas que se nos asignen, senón que espresaremos ao máximo a utilización dos espazos dispoñibles no centro, co ánimo de descontextualizar o ensino da E.F. das instalacións deportivas, dando a entender ao alumnado a virtualidade do reduccionismo ao que se adoita someter á nosa materia, circunscribíndoa unicamente aos espazos "tradicionais". Por exemplo, para a realización de traballos en grupo de revisión bibliográfica, poderemos empregar a biblioteca do centro. Cando a busca de información requira un ámbito maior podemos utilizar a aula de informática para realizar buscas en internet e descubrir o tratamento que se lle dá á materia na rede. Por último tamén podemos utilizar a aula de referencia, pavillón ou pistas polideportivas para o traballo con a aplicacións e recursos dixitais de relacionadas coa actividade física e deportiva.

OPTIMIZACIÓN DO TEMPO DE ACTIVIDADE

Para aprender unha tarefa e lograr un nivel de execución aceptable, o alumnado debe dispoñer dun tempo razoable para practicar a devandita actividade un número suficiente de veces.

O tempo que o alumnado dedica exclusivamente á práctica de actividade física é o que se coñece como tempo de actividade real. Para intentar incrementar na medida do posible o tempo de actividade real do alumnado, vanse ter en conta unha serie de consideracións prácticas para tal efecto.

Preparación da clase de educación física. Os preparativos previos á sesión adoitan seguir un protocolo cotián e repetitivo: acceder ao vestiario dende a aula, cambiarse de roupa, ir á pista ou pavillón, pasar lista, regresar, asearse e volver cambiar de roupa. Para evitar a perda de tempo nesta fase motivaremos previamente o alumnado cara ás tarefas da sesión e limitaremos o tempo de estancia no vestiario.

Eficiencia no tempo dispoñible. O devandito tempo trataremos de optimizalo do seguinte xeito;

a) Claridade e brevidade nas explicacións das tarefas. Focalizaremos a atención nun ou dous aspectos que aseguren certas posibilidades de éxito nos primeiros intentos para non desbordar o alumnado con demasiada información e ademais, conseguir que se motiven polos primeiros éxitos alcanzados. Especial trato dedicaremos ás premisas de respecto mutuo e de seguridade nas tarefas, de cara a que o alumnado aprenda claramente o seu papel na prevención de riscos e na axuda aos iguais.

b) Rendibilidade na montaxe e recollida do material. Para evitar as perdas de tempo nesta faceta da sesión, aproveitaremos ao máximo os materiais que seleccionemos para a sesión. Ademais, designaremos ao inicio da sesión, ao alumnado responsable da colocación e recollida do material que se vaia utilizar. Naquelas sesións nas que se vaia traballar en circuíto e necesiten moito material, intentaremos na medida do posible, realizar a montaxe previamente á sesión.

c) Eficiencia na formación e transición dos agrupamentos. Para evitar as perdas de tempo que supoñen tanto o establecemento de agrupamentos, como a transición duns a outros, naquelas sesións nas que as actividades de ensino-aprendizaxe demanden continuos cambios de agrupamentos, secuenciaremos as mesmas de tal maneira que vaian seguidas todas as actividades individuais, logo por parellas, logo por cuartetos, etc., aproveitando o agrupamento anterior para facer o seguinte, de ser posible.

d) Optimización das partes da sesión. Aínda que diferentes autores propoñen varias divisións das sesións de Educación Física, podemos dicir que basicamente as sesións de educación física divídense en tres partes: posta en acción, parte principal e volta á calma. Nos puntos anteriores abordamos as pautas a seguir para evitar as perdas de tempo na parte principal da sesión, centrándonos agora nas outras dúas partes.

Para limitar as perdas de tempo na posta en acción, aproveitaremos esta para explicar o sentido da sesión, relacionala coa sesión previa, e transmitir a maior parte da información necesaria para a súa parte principal.

Na volta á calma, aproveitaremos o tempo de recuperación para recordar os puntos máis importantes traballados na parte anterior, repartiremos, no seu caso, as fichas de avaliación da sesión e motivaremos o alumnado para a sesión seguinte.

3. O COÑECEMENTO DOS RESULTADOS/EXECUCIÓN

Na actualidade ninguén dubida de que o coñecemento dos resultados constitúa un dos aspectos clave dentro do proceso de aprendizaxe motor. A súa importancia vén certificada por múltiples traballos de investigación que coinciden en afirmar o seu extraordinario valor dentro do proceso de aprendizaxe.

A progresión ao longo das etapas educativas debe ir dende un coñecemento dos resultados extrínseco cara a un cada vez máis Intrínseco.

Nesta proposta de Programación, o coñecemento dos resultados abranguerá, en función do momento, tres tipos. Así, en certos contidos, como por exemplo os contidos máis técnicos, trataremos de utilizar o coñecemento dos resultados concorrente. Tanto a través dunha transmisión verbal como táctil, procuraremos que o alumnado modele a súa execución técnica no mesmo momento de realizar a acción.

Naquelas situacións, nas que buscamos que a información teña unha incidencia positiva sobre as execucións posteriores, como no caso dun xesto técnico específico, utilizaremos o coñecemento dos resultados inmediato. Nun principio, mediante unha transmisión verbal, e sempre que sexa necesario, a través dunha transmisión táctil ou visual.

E por último, trataremos de aumentar o protagonismo do coñecemento dos resultados intrínseco, atrasando a administración da información durante un tempo, unha vez finalice a tarefa. Este coñecemento dos resultados diferido, é propio da aprendizaxe dos comportamentos tácticos, onde, combinado con estilos de ensino baseados na busca, pretendese proporcionar un maior protagonismo ao alumnado á hora de analizar a información e tomar decisións.

4. ACTIVIDADES

A función das actividades é a de reforzar os contidos, grazas a elas o alumnado adquire os mesmos. Ademais, teñen unha función favorecedora do proceso de socialización.

Polo tanto, para cumprir coa súa función, utilizaremos diferentes tipos de actividades. As actividades de diagnóstico empregarémolas principalmente nas primeiras sesións de cada unidade didáctica co obxectivo de levar a cabo a avaliación dos coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a desenvolver. As actividades de desenvolvemento que empregaremos para traballar os contidos centrais das distintas unidades didáctica. Ligadas a estas actividades virán as de síntese, nas cales trataremos de conseguir a aplicación dos contidos aprendidos, en situacións reais de práctica. Por último, seguindo a lóxica metodolóxica, levaremos a cabo as actividades de avaliación, coas que pretendemos comprobar o nivel de adquisición de contidos desenvolvido polo alumnado. Non debemos esquecer, que dada a heteroxeneidade do alumnado, os ritmos de aprendizaxe son individuais, polo tanto teremos preparados dous tipos máis de actividades; as de reforzo, que utilizaremos con aquel alumnado cuxo ritmo de aprendizaxe sexa máis lento que o do grupo de referencia; e as de ampliación, que utilizaremos con aquel alumnado que presenta un dominio importante do contido dende un principio, ou cuxo ritmo de aprendizaxe está por riba do grupo de referencia.

5. ESTRATEXIA NA PRÁCTICA

A estratexia na práctica que utilizaremos dependerá do tipo de contido e da tarefa que deseñamos, así como do seu obxectivo.

Así por exemplo, para as actividades de avaliación inicial, deseñadas para a primeira sesión de cada unidade didáctica, con carácter xeral, a estratexia será de tipo global, onde se implique o maior número de habilidades, fundamentos e coñecementos posible para poder facernos unha idea xeral do nivel de coñecemento inicial do noso alumnado no devandito contido.

Para aquelas tarefas onde o obxectivo perseguido sexa entre outros unha aprendizaxe técnica, a estratexia a utilizar será máis analítica. Por exemplo a aprendizaxe dun xesto técnico, comezará cunha aproximación analítica ao mesmo descompoñéndoo en diferentes partes secuenciadas segundo os segmentos corporais implicados no xesto.

Por último, para os pasos intermedios entre as aprendizaxes máis analíticas e as máis globais, utilizaremos estratexias sintéticas que nos permitan avanzar na aprendizaxe de todo tipo de contidos.

Hai que dicir, que as estratexias utilizadas poden presentarse de forma tanto simultánea como secuencial dentro da mesma sesión. Así mesmo, pódense utilizar en ambos os dous sentidos, é dicir, podemos partir dunha estratexia global para rematar cunha aprendizaxe máis analítica, ou viceversa, podemos partir dunha estratexia máis analítica para rematar cunha máis global.

6. RUTINAS

Para favorecer o bo funcionamento das sesións, e coa intención de optimizar ao máximo o tempo de práctica efectivo por parte do alumnado que redunde nunha maior aprendizaxe por parte destes, establécense unha serie de rutinas.

A estrutura da sesión de Educación Física dependerá do tipo de actividades que se vaian desenvolver. A división da sesión en información inicial, quecemento, parte principal e volta á calma e aseo persoal, utilizarase para fomentar nos alumnos o hábito de preparar ao organismo antes de realizar actividades de certa intensidade e o tránsito progresivo cara a situación de repouso ou baixa actividade. Esta estrutura serviranos tamén para introducir aqueles contidos relativos ao quecemento, técnicas de relaxación, respiración, conceptos de volume, intensidade, dinámicas de carga de esforzo, etc...

Unha vez atinxidas estas rutinas, será necesario introducir a idea de que as partes están ao servizo da actividade central e en consecuencia, a análise de esta determinará as características do quecemento e a volta á calma.

Procurarase que as sesións de clase sexan activas, non só no que a movemento se refire, se non en cuestións organizativas, toma de decisións, reflexión sobre obxectivos acadados, de forma que ao final da etapa se consiga a maior participación, responsabilidade e autonomía dos alumnos.

Entrada e saída da aula: A entrada á aula será o máis puntual posible, establecéndose unha marxe mínima entre o

toque do timbre e a entrada na aula de educación física (pavillón, pista, etc) correspondente. No caso de ter clase a 1ª hora da mañá ou xusto despois do recreo, o alumnado estará na aula de educación física xusto na hora de entrada. A saída da mesma non se producirá ata que toque o timbre.

Cambio de roupa: O alumnado, nada máis acceder á instalación que así o requira, procederá sen demora ao cambio da roupa necesaria para realizar a sesión, sempre e cando este sexa necesario.

Hábitos hixiénicos: Distinguiremos entre aseo e ducha. Entendemos por aseo o secado da sudoración e o cambio de roupa. Para iso o alumnado contará con 5 minutos. O alumnado que mostre a súa intención de ducharse, debe advertilo ao profesorado antes de iniciar a clase, cedéndoselle os últimos 7 minutos da sesión.

Recollida do material: O material utilizado na sesión será recollido por quendas polo alumnado participante na sesión a excepción de, se é o caso, o alumnado que se vaia duchar.

O tratamento dos contidos referidos a conceptos terá distintas formas en función dos obxectivos, material dispoñible e instalacións.

A explicación ao comezo e ao final da sesión aproveitarase, cando sexa necesario para expor determinados contidos conceptuais. En outras ocasións, esta exposición cadrará co traballo procedimental para relacionar in situ, teoría e práctica. Aquelas contidos conceptuais que pola súa importancia ou interese así o requiran, se tratarán dun modo máis teórico. Ademais, utilizaranse medios audiovisuais de apoio ás explicacións do profesor, sempre que o considere oportuno.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material dispoñible para levar a cabo o desenvolvemento das unidades didácticas deste curso
Materiais curriculares e recursos didácticos
Ferramentas dixitais e plataformas de aprendizaxe
Material bibliográfico e ligazóns de interese
Instalacións

Material dispoñible para levar a cabo o desenvolvemento das unidades didácticas deste curso:

Os recursos materiais cos que contamos, son os que aparecen no inventario do departamento, pendente de actualización, que podemos atopar no seguinte enlace

<https://abalarbox.edu.xunta.gal/index.php/s/M5jwTo687KwQoJ4>

Materiais curriculares e recursos didácticos:

Empregaranse coma materiais curriculares apuntes elaborados pola profesora, artigos de prensa e revistas deportivas e de Educación Física.

Ferramentas dixitais e plataformas de aprendizaxe:

Tamén faremos uso das TICs coma ferramenta de traballo e instrumento didáctico, que complementa os contidos educativos desenvolvidos na aula. Neste sentido, propiciarase o uso e manexo de páxinas web relacionadas con la Educación Física, coma o uso do portal educativo edu.xunta.es da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia; A plataforma Edixgal. Ademais dende o departamento de Educación Física fomentaremos a consulta a páxina web do IES Monte Carrasco

Durante o presente curso, os alumnos matriculados nos catro cursos de educación secundaria obrigatoria participaran no Edixgal, dentro do proxecto abalar, desfrutando do empréstimo dun ordenador portátil con conexión a internet.

Material bibliográfico e ligazóns de interese:

- Bibliografía

AUTORES VARIOS "Educación Física ESO Primer Ciclo primero y segundo curso". Libro del Alumno. Edicións del Serbal. Barcelona 2003

AUTORES VARIOS "Educación Física ESO Segundo Ciclo tercero y cuarto curso". Libro del Alumno. E Edicións del Serbal. Barcelona 2003

AUTORES VARIOS "Educación Física ESO Primer Ciclo primero y segundo curso". Libro del Profesor. Edicións del Serbal. Barcelona 2003

AUTORES VARIOS "Educación Física ESO Segundo Ciclo tercero y cuarto curso". Libro del Profesor. Edicións del Serbal.

Barcelona 2003

AUTORES VARIOS "Educación Física 1º ESO". Biblioteca del profesorado: Guía y recursos. Santillana Educación, S.L. Madrid 2010

LOPEZ LOMONG "Correr para vivir". Colección Astor. Editorial palabra 2013

TANIA LAMARCA/CRISTINA GALLO. Lágrimas por una medalla. Ediciones temas de hoy. Editorial Planeta S.A. Barcelona 2008

VERÓNICA TÚÑEZ. Aquí e agora. Guía para practicar ioga coa rapazada. As.pg Asociación Socio.Pedagóxica Galega. Deputación de Pontevedra.

- Ligazóns

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecarrascocangas/taxonomy/term/17>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecarrascocangas/taxonomy/term/13>

<http://www.fedo.org/web/> <http://galiciasaudable.xunta.es/>

<https://dafis.xunta.es/gl/>

<http://rcpnaaula.blogspot.com.es/>

Instalacións:

- Pista polideportiva exterior descuberta:

Dimensións: Rectángulo duns 44 x 21 metros aproximadamente.

Pavimento: Pista cun pavimento de cemento puído, cuberto con material antiescorregadizo en cor azul, con tres buratos para anclar postes de voleibol/bádminton en sentido lonxitudinal (un central e dous laterais).

o Terreos de xogo trazados:

- En amarelo: dous campos de fútbol a sete, en sentido transversal, de dimensións adaptadas ao espacio, non regulamentarias. (con as súas porterías)

- En amarelo: dous campos de baloncesto, en sentido transversal, de dimensións adaptadas ao espacio, non regulamentarias.(con as súas canastras)

- En vermello: seis campos de bádminton individual e dobres , en sentido transversal, de dimensións regulamentarias.

- En branco: un campo de balonmán/fútbol sala, de dimensións regulamentarias (coas súas porterías).

- Pista exterior de Voleibol:

No patio exterior contamos con dous postes fixos e cunha rede de voleibol, instalada permanentemente, para a utilización do alumnado tanto no tempo de lecer coma no desenvolvemento da programación didáctica.

- Pavillón:

Instalación cuberta, provista de vestiario feminino e masculino e un despacho con vestiario individual para o profesorado de Educación Física. O vestiario do profesorado utilízase tamén coma almacén, así coma os corredeiros laterais anexos as liñas de banda do ximnasio.

Dimensións: Rectángulo duns 24 x12 metros metros aproximadamente.

Pavimento: Pista cun pavimento de cemento puído, cuberto con material sintético en cor verde, con tres buratos para anclar postes de voleibol/bádminton en dous laterais en sentido transversal e un central en sentido lonxitudinal.

o Terreos de xogo trazados:

- En branco: un campo de balonmán/fútbol sala, de dimensións non regulamentarias (sen porterías)

- En amarelo: un campo de baloncesto, con liñas e dimensións non regulamentarias(con as súas canastras)

- En negro: un campo de voleibol, de dimensións regulamentarias, con dou buratos para anclar postes de voleibol.

- En vermello: catro campos de bádminton individual e dobres , en sentido transversal, de dimensións non regulamentarias.

- En azul: sinais separadas a tres metros e distribuídas proporcionadamente por toda a pista.

- Almacén

De uso compartido entre o Departamento de Educación Física e o resto do centro, onde gardamos a maior parte do material didáctico.

- Campo de Fútbol exterior:

No exterior do peche do nosos centro e a beira do ximnasio contamos cun campo de fútbol propiedade da Comunidade de Montes de Darbo. O IES Monte Carrasco fai unha petición escrita anual á devandita comunidade para dispoñer do uso e disfrute desta instalación durante o horario lectivo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase ao inicio de cada Unidade Didáctica para comprobar os coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos da mesma.

Os procedementos de avaliación poderán ser variados, tanto probas escritas, como observación directa de tarefas específicas nas primeiras sesións, ou mediante cuestionarios orais. O instrumento para a avaliación inicial dependerá do contido da unidade didáctica.

Durante as primeiras sesións do curso, realizarase unha da avaliación inicial globalizada, entre a primeira e a segunda semana. Consistirá nun conxunto de probas teórico-prácticas, na que os alumnos deberán executar:

o Unha práctica de queceamento xeral de forma individualizada.

o Unha práctica de resistencia aeróbica

o Unha práctica de xogos colectivos de equipo

Esta avaliación axudará a coñecer o nivel inicial dos alumnos propiciando que se poidan facer os axustes que fosen necesarios na programación do curso para tratar de que os alumnos acaden os obxectivos propostos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	50	20	20	10	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos: probas e observación directa por parte da persoa docente.

A Educación Física é unha materia eminentemente práctica.

O procedemento de avaliación máis empregado é a observación directa a través de diversos instrumentos: rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver.

Instrumentos de avaliación das unidades didácticas: o tipo de instrumento establecido é sempre a táboa de indicadores, por ser a materia eminentemente práctica, ademais de ser unha limitación da aplicación. Consideramos que dentro desta tipoloxía entran as probas teóricas.

Coa intención de que a avaliación sexa o máis obxectiva posible, nos criterios de cualificación ponderaremos a adquisición das aprendizaxes conceptuais, procedimentais e os hábitos.

Conceptos, parte teórica, 20% (2 puntos do total da nota). A nota será a media entre os traballos solicitados ao longo da avaliación (obrigatorios e/ou voluntarios) e unha proba teórica (probas tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento) trimestral. Se nun trimestre, non se solicita ningún traballo ou tarefa, toda a puntuación deste apartado (2 puntos do total da nota) recae na proba teórica. A materia será acumulativa. No segundo trimestre avaliarase tamén da materia impartida no primeiro trimestre, e no terceiro trimestre a avaliarase tamén materia impartida no primeiro e segundo trimestre. EXCEPCIÓN: se un alumno supera a proba teórica cunha cualificación igual ou superior a 7 puntos sobre 10, na seguinte proba teórica trimestral, non terá que volver a examinarse desa materia.

Para os traballos ou tarefas proporcionarase un guión que fixará os contidos a desenvolver e a forma de valoralos.

Se o alumnado copia na proba teórica suporá a non superación das unidades didácticas avaliadas.

Se o alumnado copia ou deixa que lle copien un traballo ou tarefa, suporá a non superación das unidades didácticas avaliadas.

Cada día de retraso na entrega dun traballo ou ficha restará 1 punto sobre 10 no valor do traballo ou tarefa solicitada.

A non presentación a proba teórica, suporá a non superación das unidades didácticas avaliadas.

A non presentación dalgúns dos traballos ou tarefas teóricas, suporá a non superación das unidades didácticas avaliadas.

Procedimentos, parte práctica, 50% (5 puntos do total da nota) na cualificación do alumnado. A nota será a media de tódalas probas ou tarefas prácticas que se realicen cada trimestre (ata 2 puntos do total da nota) e da nota do traballo diario de aula realizado polo alumnado (ata 2 puntos do total da nota divididos entre tódolos días que haxa sesión práctica ou a parte proporcional, anótase diariamente no caderno da persoa docente se traballa ou non). A non presentación a algunha das probas da parte práctica, suporá a non superación das unidades didácticas avaliadas.

Hábitos, 30% (3 puntos do total da nota) na cualificación do alumnado. A nota será a media dos hábitos hixiénicos (1 punto do total da nota), a destreza (realización tódalas tarefas propostas, cunha execución técnica axeitada e un nivel de esforzo alto con respecto ás características individuais de cada executante) (1 punto do total da nota) e o

comportamento (cumprimento das normas, respecto entre iguais e cara a persoa docente, respecto da quenda de palabra, emprego de vocabulario axeitado, evitando palabras mal soantes e soeces, interese, esforzo, vestimenta axeitada, material de traballo solicitado, cooperación ...) (1 punto do total da nota).

A cualificación de cada avaliación parcial calcúlase sumando os puntos obtidos en cada un dos tres tipos de contidos. O seu valor será o número enteiro acadado polo alumnado non tendo en conta os decimais. O valor numérico da nota irá dende o 1 ao 10.

Para considerar superada a unidade didáctica, nas avaliacións parciais e na avaliación final, o alumnado debe acadar unha puntuación de 5 ou superior.

A nota da avaliación final do curso será a media entre os resultados das tres avaliacións parciais tendo en conta os decimais redondeando á unidade máis próxima (ata 0.59 cara abaixo e dende 0.60 cara arriba).

Falta de asistencia inxustificada: afectará as puntuacións dos hábitos e do traballo diario de aula. Falta de puntualidade inxustificada: afectarán as puntuacións, cada tres retrasos coma unha falta de asistencia inxustificada.

Falta de asistencia xustificada: (xustificante médico ou paterno) , amosando o xustificante o primeiro día que volva a ter Educación Física despois da ausencia, (prazo máximo de presentación, unha semana despois da falta) non afectará as puntuacións. Non e xustificable: quedarse durmido, quedarse estudando para un exame, na casa ou na biblioteca do centro, irse de compras...

Se o alumnado non se presenta a algunha das probas teórica ou prácticas, precisa xustificante, preferentemente xustificante médico para poder facerlle a proba noutra data. Se non ser así, suporá a non superación das unidades didácticas avaliadas.

Falta de asistencia xustificada durante ao menos a metade das sesións dunha unidade didáctica: o alumnado presentará un traballo teórico-práctico a proposta da persoa docente sobre aspectos tratados no desenvolvemento da mesma. Este traballo pasará a avaliarse coma unha das probas procedimentais.

Cando un alumno non faga a sesión práctica, por causa non xustificada, non poderá sumar as puntuacións correspondentes aos hábitos. Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos (lesións, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Ao ser a nosa materia práctica, intentarase que na medida do posible se incorpore ás sesións facendo as adaptacións oportunas. De non ser posible, este alumnado terá diferentes opcións en función das circunstancias que se presenten e o período que se prolongue as situación:

- Recompilar tódolos exercicios e tarefas que realicen os seus compañeiros durante a sesión práctica, nun caderno ou no ordenador propio, seguindo o guiión aloxado no curso de Edixgal -Educación Física 3º ESO-, e o entregará a da persoa docente no transcurso de este día vía Edixgal ou en formato papel.

- Determinarase o rol que deberá desempeñar en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver: árbitro, apoio aos iguais, alumnado avantaxado, axudante da persoa docente, etc.

- Realizará o traballo práctico físico axeitado o seu tipo de doenza ou lesión, tanto si esta e de carácter temporal ou permanente, neste punto pódese incluír calquera traballo de rehabilitación de doenza ou lesión diagnosticada. Para a avaliación deste alumnado empregaranse rúbricas específicas segundo o papel desempeñado que poderá complementarse con traballos ou tarefas teóricas. A cualificación destes traballos ou tarefas suporá a nota do traballo diario de aula de ese día. Se non fai o traballo ou o traballo non se adecúa o solicitado afectará as puntuacións dos hábitos e do traballo diario de aula.

Cando non poda facer a práctica, durante ó menos a metade das sesións dunha unidade didáctica, ademais do contemplado no paragrafo anterior, poderán presentar un traballo teórico-práctico a proposta da persoa docente sobre aspectos tratados no desenvolvemento da mesma. Este traballo pasará a avaliarse coma unha das probas procedimentais.

Cando o alumnado non faga a sesión práctica, por causa non xustificada, se penalizará cun negativo e terá que recompilar tódolos exercicios e tarefas que realicen os iguais durante a sesión práctica nun caderno ou no ordenador propio, seguindo o guiión aloxado no curso de Edixgal -Educación Física 3º ESO- , e o entregará á persoa docente no transcurso de este día vía Edixgal ou en formato papel. A cualificación deste traballo suporá a nota do traballo diario de aula de ese día. Se non fai o traballo ou o traballo non se adecúa o solicitado afectará as puntuacións dos hábitos e do traballo diario de aula.

O punto do hábitos hixiénicos repártese entre tódolos días que haxa sesión práctica, puntuando a parte proporcional ata un máximo de 1 punto, por cada día que se cumpran os requisitos mínimos de hixiene (asearse con auga e xabón e cambiarse a camiseta usada por unha limpa). OPCIONAL: Ducha (precísase chanquetas, ducharse con auga e xabón, cambiarse a roupa interior, calcetíns e camiseta por roupa limpa) repartíndose entre tódolos días que haxa sesión práctica. Cando un alumno minta neste punto, non se lle sumará a puntuación proporcional e se penalizará cun negativo.

O punto da destreza repártese entre tódolos días que haxa sesión práctica, puntuando a parte proporcional ata un máximo de 1 punto, por cada día que se cumpran os requisitos (realizar tódalas tarefas propostas, cunha execución técnica axeitada e un nivel de esforzo alto con respecto ás características individuais de cada executante).

O punto do comportamento repártese entre tódolos días que haxa sesión práctica, (un + computa, en branco non

computa, un negativo resta a parte proporcional ata un máximo de 1 punto).

Positivo: axudar aos compañeiros con dificultades, tratar de integrar os compañeiros, colaborar na posta e recollida do material, participar activamente nas sesións, esforzarse na realización das tarefas propostas así coma a excelencia na súa execución, mostrar un comportamento exemplar.

Negativo: Incumprimento das normas de centro e de aula, indisciplina, falta de respecto cara o profesor o cara aos iguais, non realizar as tarefas propostas, maltratar as instalacións ou o material, non levar roupa e calzado deportivo axeitado, non levar o pelo recollido ou levar accesorios perigosos: reloxos, cadeas, pendentes grandes ou longos, aneis, pulseiras metálicas..., usar o teléfono móbil na sesión fora das actividades propostas, non xustificar debidamente as faltas de asistencia, os retrasos e as prácticas non realizadas, comer, mascar chicles...

Se o alumno e amoestado con un parte de incidencia durante as sesións de Educación Física se lle penalizará perdendo 1 punto por parte de incidencia ata un máximo de 3 puntos no apartado de hábitos. Non levar roupa e calzado deportivo axeitado implica non poder realizar a sesión práctica con consecuencias na súa cualificación da materia (traballo diario de aula, hábitos de hixiene persoal, destreza e comportamento) e traballos complementarios.

Criterios de recuperación:

Adoptaranse as medidas correspondentes e realizaranse as probas de recuperación oportunas, asignándose-lles tarefas teórico-prácticas que lles faciliten a recuperación da materia. Recuperación das avaliacións parciais e superación da avaliación final: proporanse actividades de recuperación, supervisadas, avaliadas e cualificadas pola persoa docente. Poderanse propor a realización de probas teóricas, traballos complementarios, actividades de apoio, reforzo, recuperación e constarán dunha parte teórico-práctica (40%) e unha parte práctica (60%). Parte teórico-práctica: proba sobre coñecementos, descrições de elementos técnicos, progresións de habilidades técnicas, tácticas, etc. Parte práctica: realización práctica de probas para a avaliación dos mínimos. Imprescindible para poder realizar a proba práctica e poder superar a materia, traer roupa e calzado deportivo, material solicitado, utensilios de aseo e camiseta limpa para cambiarse e asearse despois das probas práctica. Se as probas non puidesen ser prácticas, por incapacidade temporal ou permanente, o 100% da cualificación final repartese en 40% en probas teóricas e 60% en tarefas, actividades e traballos teórico-prácticos. Unidade Didáctica: de non superala, quedará pendente de recuperar, sempre e cando o alumnado non supere o a avaliación parcial, neste último caso a unidade didáctica darase por superada. Avaliacións parciais: as unidades didácticas ou contidos que non teña superado.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado de 3º ESO que fora promocionado desde o curso anterior coa materia de Educación Física sen superar, se lles fará un seguimento por parte deste departamento, sendo o encargado directo deste seguimento o persoa docente que lle imparta clase no presente curso.

O alumnado deberá seguir un plan de reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación. O plan de reforzo será elaborado pola persoa docente que imparte a materia do alumno ou alumna, baixo as directrices deste departamento didáctico, así como co coñecemento da persoa titora e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo entregarase a cada alumno ou alumna coa materia, unha vez iniciado o curso e terá que conter a seguinte información:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Información relevante sobre a materia sen superar.
- Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- Seguimento e avaliación.
- Acreditación da información á familia.

Dado o carácter continuo que ten a materia, para recuperala terá gran valor o nivel e desenvolvemento que o alumno mostre no curso presente. Ademais poderá verse reforzado coa realización doutras tarefas compensatorias, como traballos ou probas teóricas e prácticas daqueles contidos que non se impartan no seu curso actual.

O alumnado que supere as tres avaliacións parciais no presente curso superará a materia do curso pasado, sendo a cualificación da materia do curso anterior a mesma que obteñan no presente curso.

O alumnado que non superen algunha das tres avaliacións parciais no presente curso, adoptaranse as medidas correspondentes e realizaranse as probas de recuperación oportunas, asignándose-lles tarefas teórico-prácticas que

lles faciliten a recuperación da materia.

As actividades recuperación constarán dunha parte teórico-práctica e unha parte práctica. A parte teórico-práctica suporá o 40% da nota final, consistirá nunha proba teórica de preguntas cortas sobre contidos conceptuais e sobre descrições de elementos técnicos e progresións de habilidades técnicas, tácticas, etc. A parte práctica suporá o 60% da nota final, consistirá na realización práctica dun conxunto de probas para a avaliación dos contidos mínimos do curso. Imprescindible para poder realizar a proba práctica e poder superar a materia, traer roupa e calzado deportivo, material solicitado, utensilios de aseo e camiseta limpa para cambiarse e asearse despois das probas prácticas. Se as probas so foxen teóricas, por incapacidade temporal ou permanente suporá o 100% da cualificación final repartida en 40% en probas teóricas e 60% en tarefas, actividades e traballos teórico-prácticos.

Cando o alumnado, non poida realizar a parte práctica da proba, deberá xustificar obrigatoriamente o motivo mediante un certificado médico oficial no que se especifique as actividades físicas que non pode desenvolver.

Para superar positivamente a avaliación final o alumno, ou a alumna terá que obter, ao menos, unha cualificación de cinco puntos. A cualificación final será a suma das notas ponderadas da parte teórica e da parte práctica sen ter en conta os decimais.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

En Educación Física os grupos son, xeralmente, moi heteroxéneos e nos atopamos con alumnos con grandes diferenzas en canto ás súas capacidades físicas, coordinación, axilidade, intereses, estado de saúde, aprendizaxes, biotipo, estilos e ritmos de aprendizaxe, etc. O prantexamento para atender ás grandes diferenzas individuais, tradúcese en adaptacións máis ou menos permanentes e máis ou menos significativas.

Cando estas adaptacións se levan a cabo nos elementos de acceso ó currículo (espazos, materiais, metodoloxía e actividades fundamentalmente), estas carecen de significatividade, e se produce do seguinte modo:

o Con modificacións de espazos, normas, agrupamentos e materiais.

o Con cambios na metodoloxía.

o Con traballo en función do nivel de partida.

o Con adaptación individual da intensidade.

o Coa práctica de situacións reais dependendo do nivel e do grupo.

o Con diversificación das actividades.

Nos exercicios de carreira se permiten e fomentan ritmos individuais, en función do estudo da táboa de pulsacións e intensidades individuais de cada alumno.

Nos xogos e nos deportes a intensidade é variable e difícil de controlar, deixándolle ao alumno que regule a intensidade en función de síntomas subxectivos de cansazo físico.

Nos exercicios de forza non se asignan un número de repeticións fixas, nin un ritmo de execución dos exercicios obrigatorio, indícase o número orientativo. Foméntase o emprego dun ritmo de traballo propio.

Nos exercicios de flexibilidade o límite o marca o propio alumno e cada cal dentro da súa capacidade.

Nos deportes de equipo, organízanse diferentes grupos de nivel que traballan nas tarefas adaptadas ás súas capacidades de xogo, facilitando a aprendizaxe e evitando de esta forma, sobre todo, as lesións. Máis adiante, modifícanse os grupos buscando unha maior relación entre os alumnos.

Utilízanse xogos adaptados e modificados, cambiando as regras, o terreo de xogo e os materiais, para adaptar as tarefas ás posibilidades de cada grupo.

Cando se trate de alumnos sen discapacidade, pero con dificultades por causas diversas, estes seguirán o ritmo normal da programación de aula, participando segundo seu nivel de aptitude. Procederáse con adaptacións nalgúns elementos de acceso ó currículo (organización de espazos e tempos, metodoloxía, actividades e materiais), e ademais, deberán realizar actividades de reforzo e de apoio, referidas, fundamentalmente, á mellora e desenvolvemento das diferentes capacidades físicas e coordinativas, así como a mellora de diferentes habilidades e destrezas deportivas.

Ademais do diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado e o nivel de competencia motriz, os casos máis frecuentes na materia de Educación Física que necesitan unha atención á diversidade son:

- Alumnado repetidor (coa materia aprobada / coa materia suspensa). Este alumnado pode colaborar co profesorado en actividades de microensinanza participando como alumno avantaxado en determinados contidos. Esa actuación será valorada polo profesorado con táboas de indicadores específicas.

- Alumnado que promociona coa materia sen superar. Neste caso elaborárase un Plan de reforzo para alumnado coa

materia pendente adaptado ás súas particularidades. De todos os apartados do plan, destacamos as tarefas para realizar e a súa temporalización, así como os procedementos de seguimento e avaliación.

- Alumnado exento total da práctica: aqueles que, con previa prescrición médica, deban quedar exentos totais da práctica, procederase coa adaptación curricular pertinente que se levará a cabo na programación de aula e que se realizará sobre os obxectivos, contidos, criterios e actividades relacionados coa práctica; compensando estes coa realización de actividades e tarefas teórico-prácticas. Estas actividades e tarefas levarán investigación e estarán relacionados cos contidos de cada avaliación. O alumnado deberá realizar unha proba teórica sobre as actividades e tarefas realizadas que garantan a adquisición dos coñecementos expresados nas actividades e tarefas. Este alumnado deberán asistir a clase con normalidade e nelas realizar as tarefas de apoio a persoa docente (arbitrar, organizar, informar e dirixir os seus compañeiros, ordenar e controlar o material, etc.) e seguimento do aprendizaxe dos seus iguais (observación, seguimento da clase, etc.).

- Alumnado exento parcialmente da práctica: aqueles que, tendo en conta a prescrición médica, procederase coa adaptación curricular pertinente que se levará a cabo na programación de aula e que se realizará sobre os materiais, actividades, metodoloxía e instrumentos de avaliación en relación cos contidos prácticos a desenvolver en cada avaliación. Inclúiranse neste apartado os casos de calquera enfermidade física ou mental, que impida desenvolver con normalidade, as actividades e tarefas propostas para o seu curso e nivel, etc. Cando este alumnado non poida realizar algunha actividade, realizará aquelas outras alternativas propostas polo profesorado e que sexan compatibles coa prescrición médica.

- Alumnado exento temporalmente da práctica: aqueles que, por lesións temporais ou por problemas de enfermidade transitoria, física ou mental, non poidan realizar a práctica durante un período de tempo determinado. Se durante este período o alumnado queda exento total, deberá compensar a práctica con actividades e tarefas teórico-prácticas que versarán sobre os contidos tratados durante dito período cos mesmos criterios establecidos no apartado de alumnos exentos totais. No caso de exención parcial, procederase igual que no apartado de alumnos exentos parciais.

- Alumnado con discapacidade psíquica: aqueles nos que non se detectan problemas físicos, pero si carencias a nivel intelectual. A estes alumnos se lles practicará adaptacións do currículo nos elementos de acceso ó mesmo, a nivel conceptual. Se a deficiencia psíquica vai acompañada de deficiencia física ou motora, procederase, ademais, do mesmo modo que para os alumnos exentos parciais da práctica.

- Alumnado con altas capacidades: este alumnado seguirán o ritmo da programación de aula, participando e traballando en ocasións coma condutores ou capitáns dos seus compañeiros. Respecto ó nivel de condición física e respecto ó nivel de coordinación e habilidade técnica, se lles proporán actividades compostas de tarefas con maior complexidade respecto ó nivel de execución e de decisión no momento da avaliación para que o aprendizaxe se adecúe as súas capacidades e os seus intereses.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X

Observacións:

Existen unha serie de temas que se manifiestan de forma relevante na sociedade actual e, como consecuencia, impregnan a vida e experiencias diarias dos alumnos. Por iso, será necesario que estes temas aparezan tamén integrados na materia de Educación Física e abordados de forma global, como unha educación en valores.

Tanto na elaboración das unidades didácticas e na súa aplicación na aula, como nas actividades extraescolares e complementarias os elementos transversais estarán presentes reforzando os valores en que se sustentan.

Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividade Bolo Celta	- Cursos: Todos. - Nº alumnos e alumnas 174. - Data: Primeiro trimestre. Lugar: IES Monte Carrasco, - PROFESORADO: de Educación Física. - RECURSOS: Instalacións e material do departamento de Educación Física. - OBXECTIVOS: + Mellorar a relación existente entre os participantes. + Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo.			
Xogos populares	- Cursos: Todos. - Nº alumnos e alumnas 174. - Data: Primeiro trimestre "Magosto". Lugar: IES Monte Carrasco- PROFESORADO: de Educación Física. - RECURSOS: Instalacións e material do departamento de Educación Física. - OBXECTIVOS: + Mellorar a relación existente entre os participantes. + Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Liga/campionato Brilé	- Cursos: Todos. - Nº alumnos e alumnas 174. - Data: Primeiro, segundo ou tercer trimestre no tempo de lecer. Lugar: IES Monte Carrasco-PROFESORADO: de Educación Física. - RECURSOS: Instalacións e material do departamento de Educación Física. - OBXECTIVOS: + Mellorar a relación existente entre os participantes. + Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo.			
Liga/campionato Baloncesto	- Cursos: Todos. - Nº alumnos e alumnas 174. - Data: Primeiro, segundo ou tercer trimestre no tempo de lecer. Lugar: IES Monte Carrasco-PROFESORADO: de Educación Física. - RECURSOS: Instalacións e material do departamento de Educación Física. - OBXECTIVOS: + Mellorar a relación existente entre os participantes. + Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo.			
Liga/campionato Voleibol	- Cursos: Todos. - Nº alumnos e alumnas 174. - Data: Primeiro, segundo ou tercer trimestre no tempo de lecer. Lugar: IES Monte Carrasco-PROFESORADO: de Educación Física. - RECURSOS: Instalacións e material do departamento de Educación Física. - OBXECTIVOS: + Mellorar a relación existente entre os participantes. + Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo.			
Liga/campionato Fútbol-Sala	- Cursos: Todos. - Nº alumnos e alumnas 174. - Data: Primeiro, segundo ou tercer trimestre no tempo de lecer. Lugar: IES Monte Carrasco-PROFESORADO: de Educación Física. - RECURSOS: Instalacións e material do departamento de Educación Física. - OBXECTIVOS: + Mellorar a relación existente entre os participantes. + Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo.			
Liga/campionato Bádminton individuais/dobres	- Cursos: Todos. - Nº alumnos e alumnas 174. - Data: Primeiro, segundo ou tercer trimestre no tempo de lecer. Lugar: IES Monte Carrasco-PROFESORADO: de Educación Física. - RECURSOS: Instalacións e material do departamento de Educación Física. - OBXECTIVOS: + Mellorar a relación existente entre os participantes. + Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Xogade	- Cursos: Todos. - Nº alumnos e alumnas 174. - Data: Primeiro, segundo ou tercer trimestre . Lugar: por determinar- PROFESORADO: de Educación Física. - RECURSOS: Instalacións e material do departamento de Educación Física. - OBXECTIVOS: + Mellorar a relación existente entre os participantes. + Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo.			
DAFIS: Valoración da Condición Física Saudable	- Cursos: Todos. - Nº alumnos e alumnas 174. - Data: Primeiro, segundo ou tercer trimestre . Lugar: IES Monte Carrasco- PROFESORADO: de Educación Física. - RECURSOS: Instalacións e material do departamento de Educación Física. - OBXECTIVOS: + Mellorar a relación existente entre os participantes. + Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo.			
Coñece ao meu club	- Cursos: Todos. - Nº alumnos e alumnas 174. - Data: Primeiro, segundo ou tercer trimestre . Lugar: por determinar- PROFESORADO: de Educación Física. - RECURSOS: Instalacións e material do departamento de Educación Física. - OBXECTIVOS: + Mellorar a relación existente entre os participantes. + Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo.			
Actividades no medio natural	- Cursos: Todos. - Nº alumnos e alumnas 174. - Data: Primeiro, segundo ou tercer trimestre . Lugar: contorna do IES Monte Carrasco e arredores de Cangas- PROFESORADO: de Educación Física. - RECURSOS: Instalacións e material do departamento de Educación Física. - OBXECTIVOS: + Mellorar a relación existente entre os participantes. + Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo.			
Actividades no medio urban	- Cursos: Todos. - Nº alumnos e alumnas 174. - Data: Primeiro, segundo ou tercer trimestre . Lugar: Cangas- PROFESORADO: de Educación Física. - RECURSOS: Instalacións e material do departamento de Educación Física. - OBXECTIVOS: + Mellorar a relación existente entre os participantes. + Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades con Comba	- Cursos: Todos. - Nº alumnos e alumnas 174. - Data: Primeiro, segundo ou tercer trimestre no tempo de lecer. Lugar: IES Monte Carrasco- PROFESORADO: de Educación Física. - RECURSOS: Instalacións e material do departamento de Educación Física. - OBXECTIVOS: + Mellorar a relación existente entre os participantes. + Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo.			
Festival fin de curso	- Curso: Todos. - Nº alumnos e alumnas 174. - Data: Tercer trimestre no tempo de lecer. Lugar: IES Monte Carrasco- PROFESORADO: de Educación Física. - RECURSOS: Instalacións e material do departamento de Educación Física. - OBXECTIVOS: + Mellorar a relación existente entre os participantes. + Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo.			
Semana Branca	- Curso: Todos. - Nº alumnos e alumnas 174. - Data: Primeiro ou segundo trimestre no tempo de lecer. Lugar: IES Monte Carrasco- PROFESORADO: de Educación Física. - RECURSOS: Instalacións e material do departamento de Educación Física. - OBXECTIVOS: + Mellorar a relación existente entre os participantes. + Participar en distintas actividades deportivas con independencia do nivel de destreza alcanzado, sen discriminación por razóns de idade ou sexo.			

Observacións:

As actividades complementarias e extraescolares propostas polo departamento de Educación Física durante o curso favorecerán o desenvolvemento dos contidos educativos propios da materia e impulsarán a utilización de espazos e recursos educativos diversos, tentando que estas actividades estean estreitamente relacionadas cos contidos das unidades didácticas e orientadas a facilitar a aprendizaxe dos mesmos. Ademais as actividades complementarias e extraescolares propostas aos alumnos reforzarán o desenvolvemento do conxunto das competencias.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Análise dos resultados obtidos na avaliación final. O 80% do alumnado aproba a materia.
TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS. Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UD como a programación xeral.

DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS: Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse 2 instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo, e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa cunha media de 2.5 ou máis este apartado.

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE: Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, a través da reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa cunha media de 2.5 ou máis este apartado.

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN: Mediante unha listaxe de control avaliarase si alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro. Ademais o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma. Comunicación coas familias a través dos informes solicitados polos titores na plataforma Abalar, sobre o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Tras cada avaliación farase unha análise do proceso de ensino e da práctica docente de cara a manter un feedback constante en relación a súa actividade e as posibilidades de intervir sobre ela, ben sexa variando os instrumentos de avaliación, as unidades didácticas, a metodoloxía, ou a atención á diversidade. Para levar a cabo esta análise usaremos os seguintes indicadores:

Escala

(Indicadores de logro)

Proceso de ensino: 1 2 3 4

- 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
- 2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
- 3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?
- 4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?
- 5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?
- 6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?
- 7.- Tomouse algunha medida curricular para atender á diversidade do alumnado con NEAE?
- 8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?
- 9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
- 10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
- 11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?
- 12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?

Práctica docente: 1 2 3 4

- 1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado
- 2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
- 3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade
- 4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?
- 5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
- 6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?
- 5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
- 6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe
- 7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?
- 8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc.?
- 9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc.?
- 10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?
- 11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?
- 12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?
- 13.- As medidas de apoio, reforzo, etc. establécense vinculadas aos criterios de avaliación?
- 14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,....?

RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Análise dos resultados obtidos na avaliación final. O 80% do alumnado aproba a materia.

TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as unidades didácticas como a programación xeral.

DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse 2 instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo, e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa cunha media de 2.5 ou máis este apartado.

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE:

Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, a través da reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa cunha media de 2.5 ou máis este apartado.

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN: Mediante unha listaxe de control avaliarase si alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro. Ademais o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma. Información ás familias a través dos informes solicitados polos titores na plataforma Abalar, sobre o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así ir facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indícarase a data de inicio e fin da unidade didáctica, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna..

Propónse facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidades de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.
- Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias. Este punto quedará reflectido nas correspondentes actas de reunión do departamento.
- Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha unidade didáctica, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de unidades didácticas impartidas no trimestre.
- Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas quedarán reflectidas na memoria final do departamento.

Co obxecto de manter unha actitude crítica coa redacción da programación e a súa aplicación educativa, o departamento de Educación Física propón as seguintes medidas:

- Revisar a programación comprobando a idoneidade de: a periodización das unidades didácticas e o grao mínimo de consecución dos obxectivos e criterios de avaliación. Tratando de valorar o cumprimento e adecuación destes parámetros en cada unidade didáctica e realizando un estudo de cada un destes parámetros coa posibilidade de eliminar ou engadir posibles variacións en sucesivos anos.
- Valorar a información recibida do alumnado, a través dos documentos escritos: as súas probas prácticas e teóricas, etc.
- Posta en común co alumnado tras cada sesión na que eles poidan manifestar o seu punto de vista de cara aos puntos positivos ou as carencias de cada contido.
- Valorar a relación entre os obxectivos e os índices de logro.
- Valorar a dificultade de aplicar algúns índices de logro.

Para levar a cabo esta revisión usaremos os seguintes indicadores:

1. Mecanismo de revisión:

a. Con que periodicidade se revisará?

b. Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica:

Escala

(Indicadores de logro) 1 2 3 4

1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?

2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?

3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?

4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?

5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?

6.- Secuenciáronse os criterios de avaliación para cada unha das unidades/temas

7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada criterio de avaliación para superar a materia?

8.- Asignouse a cada criterio de avaliación o peso correspondente na cualificación ?

9.- Vinculouse cada criterio de avaliación a un/varios instrumentos para a súa avaliación?

10.- Asociouse con cada criterio de avaliación os elementos transversais a desenvolver?

11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?

12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?

13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?

14.- O temario elaborado en Edixgal, é atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?

15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?

16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos criterios de avaliación?

17.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, rúbricas, etc.

18.- Establecéronse criterios para a recuperación dunha proba e dunha avaliación

19.- Fixáronse criterios para a avaliación?

20.- Establecéronse criterios para a avaliación?

21.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?

22.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?

23.- Elaboráronse as probas tendo en conta o valor de cada criterio de avaliación?

24.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos criterios de avaliación?

25.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE?

26.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?

27.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos?

28.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción?

29.- Seguiuuse e revisouse a programación ao longo do curso

30.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?

31.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?

3.- Observacións:

9. Outros apartados